

15. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.

Os Decretos de Nova Planta foron impostos por Felipe V de Borbón trala súa vitoria na Guerra de sucesión (1714) e consistían na **abolición dos privilexios forais da Coroa de Aragón**, e polo tanto das unidades políticas que a conformaban, **impoñendo as institucións e as leis de Castela**. Estas reformas de carácter administrativo tiñan como obxectivo centralizar a administración e robustecer o poder da **monarquía absoluta** (iniciada en España baixo o seu reinado segundo os modelos de Luis XIV e Bossuet) en detrimento dos privilexios forais dos diferentes territorios.

Unha das primeiras transformacións que realiza é a concenrente á Lei sálica, para solucionar posibles conflitos sucesorios, con dous puntos crave: o que poida herdar ten que nacer en España e descendente de Filipe V, ademais suscita a sucesión por liña directa ou colateral masculina entre os seus descendentes, pero en caso de non haber descendencia por liña recta sería unha muller e se non se acudiría á casa de Savoia para pechar o baleiro de poder.

A pesar do acordado en Utrecht de non ter represalias cos territorios que apoiaron aos austríacos Filipe V coa introducción dos Decretos de Nova Planta implanta un modelo centralista decretando a desaparición dos reinos como tales e dos vicerreís; se compartimentan estes reinos en provincias a fronte das cales había un gobernador e un capitán xeral. Igualmente se decreta a anulación das Cortes de cada reino, desaparición de todos os foros, costumes e o uso exclusivo do castelán como lingua administrativa. O seu modelo de territorio será centralista, con capital en Madrid, división do territorio en provincias e cortes únicas castelás. Neste caso o que fai é eliminar todos os elementos intermedios, unificar todo o territorio e unha uniformidade institucional, cunha salvedade, non se amplía a uniformidade ás provincias vascas e navarras pola súa colaboración no conflito de sucesión, confirmando a súa vinganza á Coroa de Aragón.

A Reforma do modelo de Estado conclúe coa acumulación dos poderes na figura do rei, a introdución dos Secretarios de despacho escollidos en función da súa preparación e non por privilexios e aos que pode botar cando queira (futuros ministros) e o único Consello que mantén a súa independencia é o de Castela. O mantemento dos privilexios forais vascos e navarros é un dos xermolos das futuras Guerras carlistas tralos intentos de uniformización dos liberais, así como a toma de Barcelona en 1714 e a imposición dos Decretos de Nova Planta será un dos feitos simbólicos clave para artellar as reivindicacións históricas do nacionalismo orgánico-historicista catalán a partir do último terzo do século XIX.